

## **Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal**

**Ficha documental da epistola de Salvador Cabeza de León, a Valentín Paz-Andrade do  
06/07/1930**

**Colección:**

**Data:** 06/07/1930

**De:**

Salvador Cabeza de León;

**Para:**

Valentín Paz-Andrade;

**Orixe:**

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada con firma autógrafa e co membrete

**Localización física:**Arquivo familiar Paz Andrade

**Temáticas:**

Galeguismo; Política;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

**Transcripción da epistola de Salvador Cabeza de León, a Valentín Paz-Andrade do 06/07/1930**

Santiago, 6 do mes de Sant Yago de 1930

Sr. D. Valentín Paz Andrade

Meu querido amigo e compañeiro:

Recibo a sua cariñosa invitación pro acto galeguista que se proieita en Vigo. Agora ben: O 25 é un día en que non m-é posibre sair de Sant Yago. Como sabe vosté ven o Ministro de Gracia e Xusticia a facer a ofrenda; e os que temos cargos de Decanos non podemos sair do pobo sin licencia do de Instrucción Pública. En circunstancias ordinarias esto non sería incommente; pro vindo o Señor Ministro, sería cousa imposibre conseguir premiso pra tomar parte n-un acto calquera que o arredase a un da pobraición. Ademáis, andan aquí algús elementos coa idea de que se faga n-ese mesmo día algún acto en Sant Yago; e anque non sería do mesmo xeito que o que vostedes se propoñen, de todas maneiras ven a engadir un oustáculo máis á miña saída. Síntoo moi de veras, pois tiña desexo de falar de este movemento con todos vostedes os enxebres e ver si antre todos adiviñabamos a causa da frebe galeguista que lles entrou a algús dos que andan n-el e que o díaño leve si se podía sospeitar que tivesen tal entusiasmo po-los nosos ideais.

Non faltará ocasión de que charlemos encol de esto; e hastra destonces e sempre, conte co cordial afecto de seu devoto amigo e compañeiro

Salvador Cabeza

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.